



(F\_PPU\_00)  
**ORDENANZA XERAL DE PREZOS PÚBLICOS**

**HISTORIAL DE CAMBIOS**

FECHA	Órgano	Actuación	PUBLICACIÓN		
			Boletín	Nº	Fecha
27/12/2007	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	299	01/01/2008
23/10/2008	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	291	19/12/2008
03/11/2009	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	293	23/12/2009

**SIMBOLOXÍA**



No seu caso, as modificacións puntuais do texto da ordenanza sinalaránse con esta icona.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona foron modificados respecto da anterior versión da ordenanza.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona atópanse en revisión.



Facendo clic nesta icona, dispoñible ao pé de cada páxina desta ordenanza, volve ao INDICE do documento



✉ [informatica@concellodemonforte.com](mailto:informatica@concellodemonforte.com) 🌐 [www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es) 🌐 <https://sede.monfortedelemos.es>  
Comuníquenos calquera incidencia que observe neste documento

## INDICE

ARTIGO -1- FUNDAMENTO E NATUREZA _____	3
ARTIGO -2- CONCEPTO _____	3
ARTIGO -3- SERVICIOS E ACTIVIDADES EXCLUÍDAS _____	3
ARTIGO -4- OBRIGADOS AO PAGO _____	3
ARTIGO -5- CONTÍA DOS PREZOS PÚBLICOS _____	3
ARTIGO -6- XESTIÓN _____	3
ARTIGO -7- COBRO _____	4
ARTIGO -8- COMPETENCIA _____	4
ARTIGO -9- MEMORIA ECONÓMICA-FINANCEIRA _____	4
ARTIGO -10- SERVICIOS OU ACTIVIDADES CON OUTROS ENTES _____	4
ARTIGO -11- PUBLICIDADE _____	4
ARTIGO -12- APROBACIÓN E VIXENCIA _____	4

## ARTIGO -1- FUNDAMENTO E NATUREZA

---

De conformidade co que dispón o artigo 127 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, o Concello de Monforte de Lemos establece a Ordenanza Xeral Reguladora dos Prezos Públicos para a prestación de servizos o realización de actividades da súa competencia, segundo as normas contidas no capítulo VI do Título I do Texto Refundido citado.

Con carácter supletorio, será de aplicación o Título III da Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, de acordo coa súa disposición adicional sétima.

En todo o que non se prevea nos artigos anteriores, é necesario aplicar as previsións desta ordenanza.

## ARTIGO -2- CONCEPTO

---

Teñen a consideración de prezos públicos, a prestación de servizos o a realización de actividades da competencia local, sempre que concorran as dúas circunstancias seguintes:

- a) Que os servizos ou as actividades sexan de solicitude ou recepción voluntaria para os administrados.
- b) Que os servizos ou as actividades se presten ou realicen polo sector privado, estaa establecida ou non a súa reserva a favor do sector público conforme a normativa vixente.

## ARTIGO -3- SERVICIOS E ACTIVIDADES EXCLUÍDAS

---

Non se poden esixir prezos públicos por ningún dos servizos e actividades seguintes:

- a) Abastecemento de augas en fontes públicas
- b) Alumado nas vías públicas
- c) Vixilancia pública en xeral
- d) Protección civil
- e) Limpeza na vía pública
- f) Ensino nos niveis de educación obrigatoria

## ARTIGO -4- OBRIGADOS AO PAGO

---

Están obrigados ao pago dos prezos públicos aqueles que se beneficien dos servizos prestados ou actividades para os cales cabe satisfacer prezos públicos

## ARTIGO -5- CONTÍA DOS PREZOS PÚBLICOS

---

- a) O importe dos prezos públicos para a prestación de servizos ou a realización das actividades teñen que cubrir, como mínimo, o curto do servizo prestado ou da actividade realizada.
- b) As tarifas dos prezos públicos inclúen o IVE, que será de aplicación conforme á normativa vixente.
- c) Cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que o aconsellen, o Concello poderá fixar prezos públicos por debaixo dos límites previstos no apartado primeiro.

Nestes casos deberá consignarse nos orzamentos as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante, si a houbese

## ARTIGO -6- XESTIÓN

---

- a) O Concello poderá esixir os prezos públicos no réxime de autoliquidación.

- b) As tarifas pódense graduar polas razóns citadas no artigo 4.3 desta ordenanza, e tamén pola falta de capacidade económica. En casos xustificados pódese chegar a gratuidade do servizo.
- c) O Concello poderá esixir aos usuarios todas as declaracións ou achegas de datos que considere necesarias para saber o grao real de utilización do aproveitamento e facer as comprobacións oportunas. No caso que os usuarios non faciliten os datos especificados ou que impidan as comprobacións, o Concello poderá efectuar as liquidacións por estimación, a partir dos datos que posúe.

## ARTIGO -7- COBRO

- a) A obriga de pagar o prezo público nace dende o momento no que se inicie a prestación do servizo o a realización da actividade.
- b) Concello poderá esixir o depósito previo do importe parcial ou total
- c) Cando por causas non imputables a persoa que esta obrigada ao pago do prezo, o servizo ou a actividade non se preste ou desenvolva, procederase a devolución do importe correspondente.
- d) Para o pago do prezo público, o Concello poderá establecer períodos de vencemento mediante o regulamento do mesmo servizo ou acordos de carácter xeral
- e) As débedas por prezos públicos poderanse esixir polo procedemento administrativo de constrinximento.

## ARTIGO -8- COMPETENCIA

Atribúese en uso do establecido do artigo 47 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a competencia para establecer, fixar e modificar os prezos públicos á Xunta de Goberno Local.

## ARTIGO -9- MEMORIA ECONÓMICA-FINANZEIRA

Calquera proposta de fixación ou modificación de prezos públicos irá acompañada dunha memoria económica - financeira que xustificará o importe dos prezos, o grado de cobertura financeira dos custos correspondentes e, no seu caso, as utilizacións derivadas da realización de actividades e a prestación dos servizos.

## ARTIGO -10- SERVICIOS OU ACTIVIDADES CON OUTROS ENTES

Os prezos públicos derivados de prestacións de servizos ou actividades concertadas coas Administracións Públicas, entidades ou institucións de dereito público ou privado serán os que inclúan os convenios entre as institucións indicadas. Se non existen serán os correspondan o acordo de establecemento e fixación correspondente.

## ARTIGO -11- PUBLICIDADE

Os acordos de fixación ou modificación dos prezos públicos serán publicados no Boletín oficial da Provincia de Lugo e entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación ou na data que se estableza, sempre que esta última sexa posterior a data de publicación.

## ARTIGO -12- APROBACIÓN E VIXENCIA

A presente ordenanza, aprobada provisionalmente polo Pleno do Concello do día 8 de novembro de 2007 definitivamente polo Pleno do Concello do día 27 de decembro de 2007 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 299 do día 31 de decembro de 2007.

Entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2008, e seguirá vixente mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 23 de outubro e 2008 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 291 do día 19 de decembro de 2008.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 3 de novembro de 2009 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 293 do día 23 de decembro de 2009.

Monforte de Lemos, febreiro 2016



O Alcalde, José Tomé Roca